

FINALIDADE

O obxectivo principal deste programa é axudar ao/á emprendedor/a a **concretar** os puntos clave para levar a cabo a súa **idea de negocio** satisfactoriamente, fomentando a creación dunha **estratexia clara** para deseñar o **produto** e para chegar ao **cliente obxectivo**.

Tódalas sesións están orientadas a incrementar a **creatividade** aplicada ás ideas de negocio das diferentes cooperativas.

DESTINATARIOS

Cooperativas e sociedades laborais, e emprendedores que aposten pola fórmula cooperativa e economía social.

Límite de prazas: 10 persoas

Instalacións adaptadas ás medidas de hixiene establecidas.

DATAS E HORARIOS

Impartirase do 29 de xuño ao 2 de xullo de 2020 en horario de 16 a 20 horas.

O curso realizarase nas instalacións da Fundación Cel Iniciativas por Lugo sitas no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo.

Información: 982 284 150, formación@fundacioncel.org

Inscripcións:

Actividade cofinanciada pola Xunta de Galicia.



CONSTRÚE O TEU MODELO DE NEGOCIO CON LEGO

Curso gratuito con prazas limitadas

DESCRIPCIÓN DOS CONTIDOS

Este programa de 16 horas está composto por diferentes módulos coa finalidade de axudar a conceptualizar e definir as ideas de negocio das cooperativas participantes, a través dunha metodoloxía innovadora: LEGO® Serious Play®.

As accións desenvolveranse ao longo de 4 sesións, cunha duración de 4 horas. Os contidos son os seguintes:

MÓDULO 1. CONSTRUÍNDO A TÚA PROPOSTA DE VALOR

Establecer cal é o valor diferencial da idea de negocio; como a cooperativa, produto ou servizo resolve o problema ou necesidade do cliente, e que beneficios debe esperar o cliente do servizo.

MÓDULO 2. CONSTRUÍNDO O TEU CLIENTE TIPO. O MODELO DE EMPATÍA

Identificar as características que permitirán realizar un mellor axuste entre os produtos ou servizos que se ofrecen e as necesidades e intereses dos potenciais clientes.

MÓDULO 3. CONSTRUÍNDO O TEU PRODUTO E O CAMIÑO CARA O TEU CLIENTE

Definir exactamente cal é o produto ou servizo que se vai ofrecer ao mercado, e deseñar unha estratexia de venda para chegar ao cliente obxectivo.

MÓDULO 4. CONSTRUÍNDO A TÚA COOPERATIVA

Determinar que recursos e capacidades se van necesitar para emprender a idea de negocio, e como se poden conseguir e/ou desenvolver.

MEDIOS PREVISTOS

LEGO® Serious Play® é unha metodoloxía que fomenta a **reflexión, construción e creación** de metáforas que se convirten en espazos de análise, debate e convivencia de persoas, ideas e proxectos. Por medio de **preguntas clave**, os/as participantes van profundizando en temas dunha maneira que nunca antes fixeran ata acadar **solucións** e respostas altamente **creativas, disruptivas e inspiradoras** para a toma de accións reais.

Con LEGO® Serious Play® facilítase a **comunicación interpersoal** a través dunha ferramenta que **despersonaliza** a mensaxe, así como a **comunicación intrapersoal**. Cóntanse historias sobre as construcións, visibilízase o que non vemos, e incluso o que non conseguimos poñer en palabras.

Garántese que o 100% dos participantes de cada obradoiro participe na mesma medida. **Tod@s constrúen, tod@s contan historias.**